



Data Registro: 05/11/2018 11:24:49

Nº Registro: 2018021209



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 5 de novembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

29.27282.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS EN DIVERSOS PROCEDIMENTOS POR PROBLEMAS TÉCNICOS NA PLATAFORMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA VORTAL

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento das obrigacións establecidas para as Administracións contratantes na disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26/02/2014, conta cunha plataforma electrónica para a licitación electrónica dos expedientes de Contratación, sendo dita plataforma o único medio para a presentación de proposicións e documentos, e para as notificacións e comunicacións entre o órgano de Contratación e as persoas interesadas.

A plataforma contratouse coa empresa *Vortal Connecting Business, S.A.* (CIF A85765469), mediante Resolución Presidencial número 2018003072, de 22/02/2018, pola que se lle adxudica, ata o 31/12/2018, a “*Contratación dunha aplicación que permita recibir ofertas por medios electrónicos para o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra*”.

Con data 31/10/2018, a empresa contratista comunica ao Servizo de Contratación, mediante correo electrónico, o seguinte:

“Estimado Señores/as,

Venimos pola presente a informar que estamos a verificar dificultades no funcionamento da plataforma debido a unha dificultade no noso provedor de servizos de datacenter. Para resolver as dificultades, a plataforma esta en mantemento non planificado ata as 19:00 horas do día de hoxe, 31/10/2018.

Neste sentido, e tendo en conta que a situación motivou dificultades na utilización da plataforma, suxerimos que prorroguen a data límite para a presentación de ofertas nos expedientes en que defínisen a data límite de presentación de ofertas para a mañá do día 2 de novembro de 2018, co fin de que ningún operador económico véxase afectado por esta situación.

Lamentamos o sucedido e enviamos os nosos mellores saúdos.”

De conformidade co establecido no artigo 32.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando unha incidencia técnica haxa imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Co fin de que ningún operador económico se vexa afectado por esta situación, de conformidade co establecido no artigo 32.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considerase conveniente acordar unha ampliación dos prazos non vencidos naqueles expedientes de Contratación que resultasen afectados por dita incidencia.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Ampliar en dous días hábiles os prazos para a presentación de ofertas non vencidos dos expedientes de Contratación afectados polos problemas técnicos producidos na plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra Vortal os días 30 e 31 de outubro de 2018, que son os seguintes:


Expedientes en licitación a data 31/10/2018	
Nº Expte.	Obxecto
2018045971	<i>Subministración dunha furgoneta de 2 prazas para a Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra.</i>
2018029857	<i>Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra.</i>
2018018493	<i>Redacción do proxecto básico e de execución e da realización das obras de adaptación á normativa vixente do centro de formación da Deputación de Pontevedra cuxo uso principal é de escola de Cantería.</i>
2018026214	<i>Acondicionamento do tramo antigo da E.P. 5106 Covelo-Barriademera, PQ 6+550 a 7+350 (Covelo)”</i>
2018034124	<i>Concesión demanial dun espazo no Centro de apoio empresarial da Deputación de Pontevedra, no polígono de Barro-Meis, para a explotación do servizo de cafetería-restaurante.</i>
2018035082	<i>Acordo marco para o servizo de copia de seguridade na nube para as entidades locais da Provincia de Pontevedra.</i>
2018039841	<i>Mellora da mobilidade peonil e reforzo de firme na E.P.2703 Pazos-Ponteareas.</i>
2018039773	<i>Mellora da mobilidade peonil na E.P.0601 Portosanto-Campelo-C-550 correspondente co p.q. 0+000 ata o entorno da baixada cara o porto de Campelo no p.q. 1+730 (Poio).</i>
2018037743	<i>Reposición de firme na E.P. 5005 Cañiza-Pousa (PO-400) (Concello de A Cañiza).</i>
2018037699	<i>Reposición de firme na E.P. 4006 Ponteareas-As Neves (Ponteareas-Salvaterra-As Neves).</i>
2018037776	<i>Reposición de firme na E.P. 7201 Cachafeiro-Silleda (Forcarei-Silleda).</i>
2018031951	<i>Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6518 Silleda-Ponte, (Tramo I), PQ 0+435 a 0+876 (Silleda).</i>
2018039737	<i>Estabilización de muro de contención da estrada e continuación do paseo litoral Campelo (Poio-Pontevedra), fase II.</i>
2018037754	<i>Reposición de firme na E.P. 6104 Castro-Dozón-Saa-A Rocha (Dozón).</i>

2. Ampliar en dous días hábiles os demais prazos non vencidos dos expedientes de Contratación afectados polos problemas técnicos producidos na plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra Vortal os días 30 e 31 de outubro de 2018, correspondentes a requirimentos de documentación, aclaracións ou xustificacións de ofertas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 5 de novembro de 2018

O Secretario,



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

CONTRATACIÓN.-

